

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

**CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR**

**CURSO: 2019-2020**

**MATERIAS: Ciencias Sociais**

**NIVEL: 5º PRIMARIA**

**DATA: 6 MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Mostrar interese e participar nas tarefas propostas polo mestre.</li><li>2. Indagar e buscar materiais e información a través dos medios dispoñibles.</li><li>3. Elaborar recursos empregando as canles dixitais.</li><li>4. Entregar a tempo as actividades propostas polo mestre da materia ou titor.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.</li><li>2. Mostra interese na elaboración das tarefas asignadas polo mestre da materia.</li><li>3. Mostra comprensión de textos escritos relacionados cos contidos presentados.</li><li>4. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.</li><li>5. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.</li></ol>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b>  Realización de actividades nas plataformas virtuais Edmodo e Google Classroom onde contestarán exercicios: tipo test, de resposta única, verdadeiro ou falso, de resposta elaborada, de comprensión de textos, comprensión dun vídeo, etc.
	<b>Instrumentos:</b>  Libro de texto en pdf, fichas, ordenador, tableta ou teléfono móbil e conexión á internet para a realización das actividades elaboradas polo mestre da materia.
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b>  Farase a <b>nota media</b> da <b>primeira e segunda avaliacións</b> e <b>sumaráselle +1 punto</b> a esta sempre que:  a) O alumnado do grupo clase se mostre activo e participativo na <b>realización e entrega de máis do 85%</b> das actividades dixitais enviadas para a súa realización e entregas.  b) <b>De non acadar esta porcentaxe de entregas</b> , a nota final da 3ª avaliación será a conseguida tras facer a nota media da primeira e segunda avaliacións.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	O mestre levará a cabo actividades dixitais na aula virtual de Google Classroom e a plataforma Edmodo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Primeiramente, debemos dicir que a totalidade do noso alumnado ten conexión á internet.</p> <p>Debido a esta situación extraordinaria, vémonos na obriga de levar a cabo unha metodoloxía individual onde desenvolveremos diferentes tipo de actividades que serán principalmente de repaso, reforzo e ampliación, sempre adecuadas á situación e ao nivel(curso-idade) do alumnado. Estes exercicios son expostos en aulas virtuais, publicados e marcados con data límite de entrega, para unha futura corrección dos mesmos que se lles é entregada aos alumnos para que vexan onde cometeron os erros e podan aprender dos mesmos.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Libro de texto en pdf, fichas, ordenador, tableta, móbil e conexión á internet.

#### 4. Información e publicidade

##### Información ao alumnado e ás familias

O mestre ponse en contacto co alumnado e familias a través de diferentes vías: **correo electrónico, Whatsapp, Edmodo, Google Classroom ou teléfono móbil.**  
A comunidade está informada, en todo momento, das actividades que imos realizar así como de onde e como deberán de ser feitas.  
Se xurdise algunha dúbida ou problema, esta ou este sería resolvido despois dunha chamada telefónica, unha mensaxe ou o estipulado entre ambas as dúas partes.

##### Publicidade

Información publicada na páxina web do centro:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/>